




ILMO. CONCELLO  
DE CAMBADOS

## MEMORIA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

Expte. Deputación: 2018059055.	Expte. Subv.: 1110/2018	Expte. Contratación: 4497/2020
Tipo de contrato: <b>OBRAS.</b>		
Obxecto do contrato: <b>PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTOS DA RÚA SEVILLA.</b>		
Procedemento de contratación: <b>Aberto simplificado.</b>		
Tramitación: <b>Ordinaria.</b>		
Código CPV: 45233252-0 Traballos de pavimentación de rúas. 45232410-9 Obras de saneamento. 45232130-2 Traballos de construción de canalizacións de augas pluviais. 34928400-2 Mobiliario urbano.		
Prezo estimado: 127.323,93 €	IVE: 26.738,02 €	
Orzamento base de licitación: <b>154.061,95 €</b>		
Duración: <b>3 MESES</b>		



**PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE.** A vista do establecido nos artigos 28.1 e 116.4 da LCSP, a necesidade da realización do presente contrato xustifícase:

*De conformidade co establecido no artigo 25 d), da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local o Concello ten a competencia na “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

Tal e como se desprende da memoria do proxecto redactado polo arquitecto municipal, D. Antonio Espinosa Murias, na que se di que “...a Rúa Sevilla presenta na actualidade importantes deficiencias nas condicións de accesibilidade peonil, con beirarrúas moi estreitas, descontínuas, con cambios bruscos de rasante, deficiencias na conservación dos pavimentos, etc.

*Así faise necesaria a formalización de novas beirarrúas a ambos lados, co fin de adaptalas ás normas actuais de erradicación de barreiras arquitectónicas, accesibilidade e circulación de persoas con escasa mobilidade.*

*Pola súa parte, ao construír esta novas beirarrúas, faise necesaria unha nova ordenación das áreas de aparcamento, coas súas correspondentes prazas destinadas a minusválidos, que tamén estarán dotadas de novo pavimento.*

*Por último, se aproveitará para melloralo firme do carril de circulación de vehículos, mediante o fresado superficial y posterior asfaltado da capa de rodadura, así como a mellora e e posta a punto das redes de saneamento e evacuación de pluviais.*





ILMO. CONCELLO  
DE CAMBADOS


MEMORIA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN



*Ademais da mellora da accesibilidade e mobilidade peonil, e da reordenación das zonas de aparcamento, esta actuación conleva unha mellora substancial na aparencia estética rúa, tendo en conta de que se trata dun vial que comunica directamente co conxunto histórico, constituíndose como un novo paso para a renovación urbana e ambiental de todo o Centro Urbano...”*

**SEGUNDO.- OBXECTO DO CONTRATO.** O obxecto do contrato, en cumprimento do disposto polos artigos 99 e 231 da LCSP, atópase definido no proxecto das obras de **“PAVIMENTACIÓN DE BEIRRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTOS DA RÚA SEVILLA”**, redactado polo arquitecto municipal, D. Antonio Espinosa Murias.

O proxecto contempla a realización dos traballos seguintes:



- Demolicións e movementos de terra.
- Saneamento e augas pluviais.
- Firmes e pavimentos.
- Mobiliario urbano.

**TERCEIRO.-** O proxecto das obras de **“PAVIMENTACIÓN DE BEIRRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTOS DA RÚA SEVILLA”**, foi supervisado e aprobado por ue foi aprobado por Decreto de Alcaldía 2020-1102, de data 15/09/2020.

Investimento total segundo se desprende do proxecto ascende á cantidade de:

Presuposto de execución material		106.994,90
13% Gastos xerais.	13.909,34	
6% Beneficio Industrial.	6.419,69	20.329.03
<b>Orzamento estimado</b>		<b>127.323,93</b>
21% IVE		26.738,02
<b>Orzamento base de licitación.</b>		<b>154.061,95</b>



Cod. Validación: 4GJENQF449FYZE27NPPCCZAPY | Corrección: <https://cambados.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



ILMO. CONCELLO  
DE CAMBADOS

## MEMORIA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN



**CUARTO.- DIVISIÓN EN LOTES.** En base ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e o informe do Técnico Municipal, non se procederá á división en lotes do obxecto do contrato.

**QUINTO.- FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO.-** No expediente de solicitude de subvención n.º 1110/2018, tramitada ante a Excm. Deputación Provincial, ao abeiro das “Bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2018-2019”, publicadas no BOPPO n.º 2, do 03/01/2018, consta a notificación do acordo da Xunta de Goberno, adoptado en sesión do 02/10/2020, polo que se resolveu conceder unha axuda, por importe 154.061,95 €, para levar a cabo o investimento denominado “**PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE ESTACIONAMENTOS DA RÚA SEVILLA**”, quedando polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público.

INVESTIMENTO PC2018-2019	Presuposto licitación €	Subvención concedida €	Fondos Municipais €
Mellora na capa de rodadura de camiños e vías municipais	154.061,95	154.061,95	0,00

Por Decreto desta Alcaldía n.º n.º 2020-1190, de data 07/10/2020, aceptouse a **axuda** concedida pola Excm. Deputación Provincial con cargo ao Plan Concellos 2018-2019, para levar a cabo o mencionado investimento.

**SEXTO.- ELECCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN.** O Concello de Cambados non dispón de medios nin materiais nin persoais para acomete-las obras por si, polo que resulta necesario tramita-lo correspondente expediente para a contratación das mencionadas obras.

Á vista do establecido no artigo 159.1 da LCSP, o contrato adjudicarase por **procedemento aberto simplificado**, dado que o valor estimado do contrato (154.061,95 €) non supera a cantidade de 2.000.000,00 €.

En Cambados.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

